



Escola Municipal
de Música e Danza
de Ribadeo

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

ÍNDICE

1. Introducción

2. Sinais de identidade

- 2.1 Declaración de principios**
- 2.2 Documentación de referencia**
- 2.3 Lingua oficial**
- 2.4 Modalidade de xestión**

3. Obxectivos xerais do centro

- 3.1 Obxectivos pedagóxicos**
- 3.2 Obxectivos de goberno institucional**
- 3.3 Obxectivos referidos a recursos humanos**
- 3.4 Obxectivos referidos aos servizos**

4. Características do centro

5. Pedagogía

6. Organización do centro

7. Relacións coas institucións

8. Anexos

1. INTRODUCCIÓN

Agora que está de moda o europeísmo e voltar a mirada cara ao resto dos países do continente, podemos estudar o fenómeno Escola de Música e Danza no resto dos países que nos rodean e cos que nos relacionamos día a día; países que nos levan décadas de vantaxe neste campo, e como froito da súa aposta por estes centros, poden presumir de que a meirande parte dos seus cidadáns desenvolveron un coñecemento musical e escénico que non só os converte en público culto, sensible e preparado, senón que lles permite participar en multitude de actividades musicais e sentirse identificados con elas.

A sociedade española e principalmente a sociedade galega (berce dunha grande tradición artística), está cada día máis sensibilizada coa educación musical. Ao mesmo tempo, debemos de ter en conta que o público mozo vive a música e a danza de forma moi diferente á de hai uns anos, desexando que os responsables das actividades musicais poñan en marcha a súa imaxinación para facer estas máis atractivas.

As escolas de música e danza preséntansenos hoxe en día coma o mellor camiño para achegar a música e a danza a todo aquel que desexe o contacto con estas artes, unha oportunidade única, sen premisas de coñecementos previos, impedimentos por cuestións de idade ou borrando o tópico de “elitistas” que durante moitos anos mantiveron penduradas estas ensinanzas, mostrándose unicamente ao alcance duns poucos con recursos económicos. A isto debemos engadir a autonomía pedagóxica dos centros, a cal avoga por uns plans de estudo flexibles e abertos, pensados para cada alumno ou alumna de forma individualizada e axeitados aos seus gustos, necesidades e aptitudes. Uns plans que buscan satisfacer unha gran maioría unindo, integrando e relacionando as persoas de moi diversa índole, manifestando o labor social das escolas de música e danza.

Como contrapartida temos o conservatorio, onde os prazos de tempo e límites de idade fai que sexan accesibles unicamente a unha minoría, unindo tamén uns plans ríxidos de formación e alto nivel de esixencia que necesita dunhas aptitudes específicas e unha intensa adicación. Analizando a situación actual, apreciamos o escuro panorama que nos ofrece o ensino a este nivel, onde o índice de fracaso á hora de rematar os ciclos e acceso a graos superiores son verdadeiramente alarmantes.

As escolas de música e danza mostran ás veces como é o camiño para preparar o alumnado cunhas características idóneas cara ao campo profesional, xa que as súas características lévanas a presentarse coma o medio ideal para obter os coñecementos e destrezas necesarias para superar con éxito as probas de acceso aos conservatorios en calquera dos ciclos. Mais sería un grave erro pensar que esa é a función ou obxectivo, as escolas débense principalmente ao achegamento da música a todas as persoas e estratos da sociedade, sabendo responder dentro do contexto socioeconómico onde se ubica, ás peculiaridades e demandas do alumnado e con todo iso, ser

capaces de introducir, ao mesmo tempo, novas perspectivas culturais enriquecendo, nestes campos e en grande medida, toda a poboación en xeral.

O seguinte proxecto de centro está pensado única e exclusivamente para a Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, tendo en conta, á hora do seu deseño, as características propias e o funcionamento ata a data de hoxe da propia escola, e tendo en conta as características socio-culturais da vila de Ribadeo e arredores á vez que se analizan unha serie de necesidades ás cales se pretende dar cobertura.

Sen saír destas pautas, trátase de facer posible unha realidade musical, buscando dous piares fundamentais:

1. Que sexa pedagoxicamente atractivo
2. Que sexa musicalmente eficaz

2. SINAIS DE IDENTIDADE

2.1 Declaración de principios

“Entendendo a música e a danza como medio de expresión artística e de comunicación, o presente proxecto declara:

3. Que se pretende a máxima participación cidadá na vivencia da música e da danza, conservando e potenciando as tradicións autóctonas e dando a coñecer o maior número posible de tendencias musicais, de todo o mundo e de todos os tempos.
4. Que se quere formar parte de todos os sectores sociais, achegando a música e a danza á vida cotiá coas indudables vantaxes que iso conleva, tanto emotiva coma intelectualmente.
5. Que se desexa ser soporte e guía da aprendizaxe na valoración crítica da música e da danza, ante a omnipresencia das mesmas en todos os ámbitos da sociedade.
6. Que se asume o lema da Unión Europea de escolas de música: *música para todos, todas as músicas*”.

2.2 Documentación de referencia

A Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo asume, como parte integrante do seu proxecto os seguintes documentos:

7. Orde do 11 de marzo de 1993 – D.O.G. 22 de abril

Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia pola cal se regulan as condicións de creación e funcionamento das Escolas Municipais de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa

Trixésimo terceira sesión ordinaria
Recomendación 929 (1981) relativa á Educación musical para todos

9. Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa

Recomendación do Parlamento Europeo aos Estados membros sobre o ensino e promoción da música (10 febreiro 1988)

10. Declaración de Weimar. Unión Europea de Escolas de Música: A escola de Música en Europa

A educación cultural musical é un dereito do home realizado polas Escolas de Música.

As escolas son un elemento constitutivo da identidade europea.

As escolas de música e danza contribúen á paz e ao achegamento dos pobos.

As escolas representan unha idea de agrupación, a idea pan europea.

As escolas de música e danza son unha responsabilidade pública.

2.3 Lingua oficial

Neste apartado será de aplicación a Ordenanza municipal reguladora do uso do galego na Administración municipal do Excmo. Concello de Ribadeo do 15 de marzo de 2004, na que se establece o galego como a lingua oficial do Concello de Ribadeo e dos organismos que del dependan.

2.4 Modalidade de xestión

A xestión da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo será levada polo Excmo. Concello de Ribadeo.

3. OBXECTIVOS XERAIS

A Orde do 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, indica as condicións de creación e funcionamento das Escolas de Música na Comunidade Autónoma ás que fai referencia o artigo 39.5 da Lei Orgánica 111990, de 3 de outubro (RCL 1990, 2045), de ordenación xeral do sistema educativo.

Ao mesmo tempo, indícase que as Escolas de Música e Danza terán como finalidade xeral ofertar unha formación práctica en música, ou conxuntamente con danza, dirixida a afeccionados de calquera idade, especificando que os estudos realizados nos centros non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.

Atendendo a todos os aspectos mencionados ata o momento, podemos citar como obxectivos das escolas de música e danza:

- A difusión xeral da música e da danza en todas as súas formas e estilos co fin de crear en Ribadeo un clima artístico participativo e dinámico no cal se desenvolva e fomente a creatividade.
- Dar a oportunidade de convivir coa música e a danza a todas aquelas persoas que desexen unha aprendizaxe lúdica e de calidade.
- Fomentar o coñecemento e a apreciación da música desenvolvendo unha cultura musical do alumnado que permita a audición asidua de diversos estilos, como bagaxe de coñecementos básicos na formación de todo afeccionado e dun público cultivado.
- Procurar que a Escola funcione como un centro educativo-cultural no que se realicen actividades relacionadas co mundo musical e outras disciplinas non comprendidas directamente na docencia: concertos, audicións, conferencias, presentacións de discos, libros, etc.
- Ofrecer un ensino de calidade onde estea equilibrada a especialización nun instrumento e estilo, coa aprendizaxe de valores e coñecementos xerais.
- Potenciar en todos os educandos, calquera que sexa o seu nivel de desenvolvemento ou destreza, o acceso a un programa de educación artística equilibrado, amplo e progresivo; para iso contéplase un currículo aberto e flexible tendo en conta as capacidades, necesidades e interese do alumnado.
- Formar afeccionados que sexan creadores e non tan só intérpretes e que sexan emisores ademais de receptores, potenciando o gusto pola audición de todo tipo de estilos musicais e desenvolvendo o espírito crítico.

- Ofrecer un ensino que facilite o seu goce, comprensión e sensibilización cara a diferentes manifestacións artísticas.
- Fomentar a fusión e interacción entre as diversas músicas e danzas promovendo no alumnado unha aprendizaxe significativa , tanto a nivel técnico coma interpretativo, que lle permita especializarse nun campo determinado.
- Orientar e proporcionar unha formación máis profunda a aqueles alumnos que pola súa capacidade e interese teñan condicións e vontade de acceder ao centro de ensinanzas musicais e de danza regradas.
- Desenvolver a comunicación, expresividade e benestar en xeral das persoas discapacitadas por medio da música e da danza, integrándoas na actividade educativa.
- Desenvolver iniciativas de elaboración de material didáctico baseado en distintas fontes, tendo en conta as autóctonas.
- Fomentar no alumnado o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.

Obxectivos pedagóxicos

Nos últimos anos produciuse unha larga controversia entre o centro de ensino como transmisor de coñecementos, priorizando as capacidades cognitivas do alumno ou ben como lugar de desenvolvemento das súas capacidades e habilidades. A LOXSE pon unha énfase especial na atención á diversidade de necesidades do alumnado, potenciando a educación integral do individuo.

O labor artístico pedagóxico dos centros de ensino musical e de danza (conservatorios e centros privados) ata os nosos tempos, consistiu en transmitirlles aos alumnos unha capacidade de reprodución de obras que alguén estableceu como as que merecen a honra de ser escolarizadas, figurando nos programas de estudo dos centros ao longo dos tempos sen sufrir variación algunha.

A educación está influenciada e en certo modo condicionada pola evolución dos alumnos; estes non poden desenvolver certas estruturas cando cognitivamente non maduraron para elas, polo cal, os procesos de ensino-aprendizaxe estarán adaptados ao momento evolutivo no que se atopan as súas capacidades, atendendo cada alumno á forma particular e non global como nos plans de estudo convencionais onde se establecen uns mínimos xerais sen ter en conta que o desenvolvemento evolutivo nunca é o mesmo para dous rapaces, as características individuais de cada un ofrécenos

diversas combinacións dos distintos aspectos en que poderíamos descompoñer o desenvolvemento.

Así mesmo, ao falar de etapas evolutivas, ás veces pensamos que estas só se dan a nivel intelectual esquecendo que a persoa forma un “todo único” onde se integran non só capacidades intelectuais senón tamén características físicas, aspectos emocionais e sociais que están igualmente en diferentes etapas de desenvolvemento.

No proceso didáctico deben existir recursos que nos permitan determinar os coñecementos previos que ten cada alumno en relación aos novos contidos que debe adquirir, deducindo se estes son axeitados ao nivel de desenvolvemento de cada alumno e que sexan motivadores en canto á estimulación da súa aprendizaxe. Débese buscar que o alumno sexa cada vez máis autónomo na súa aprendizaxe, fomentando a súa autoestima, a autocrítica e que poida sentir que o esforzo merece a pena.

A creatividade debe ser tomada como guía da actividade pedagóxica, tendo en conta que a propia creatividade está considerada como a habilidade que posúen os seres humanos para resolver distintas cuestións ou problemas. En consecuencia, debemos aceptar este punto como primordial no modelo educativo, onde nos atoparemos con respostas fluídas, flexibles e orixinais antes os distintos estímulos creativos.

Os profesores deben presentar a clase coma un evento aberto, de participación e creatividade, buscando:

- Detectar e recoñecer as potencialidades creativas.
- Respeitar as preguntas, gustos e propostas do alumnado.
- Facer propostas provocativas, buscando un enfoque distinto para a xeración de novas preguntas e actividades.
- Recoñecer e valorar a orixinalidade.
- Potenciar a práctica e a experimentación.
- Diseñar experiencias planificadas e guiadas permitindo ao estudante unha autoaprendizaxe na que a vontade de superación e o pracer derivado do propio rendemento, constitúen os principais elementos de motivación.
- Desenvolver no alumno o interese por participar activamente en agrupacións fomentando a cooperación, a tolerancia, a convivencia e desenvolvendo a creatividade individual, deixando unha porta aberta a aqueles alumnos que estudaron no centro.
- Crear a maior diversidade posible de agrupacións, tanto vocais, instrumentais coma de danza.

- Estimular a creatividade e a improvisación individual mantendo un equilibrio coas diferentes agrupacións.

Obxectivos de goberno institucional

- Velar polo bo funcionamento do centro, apoiando os proxectos e actuacións que se consideren pedagoxicamente correctos.
- Promover intercambios e encontros co fin de proxectar a Escola de Música e Danza ao exterior, fomentando así a interculturalidade, coordinándose para iso co resto de escolas a nivel autonómico e estatal co fin de manter contactos que faciliten o intercambio de metodoloxías docentes e actividades de conxunto.
- Representación da Escola en certames e festivais a nivel rexional e nacional, tanto no que se refire ao profesorado como ao alumnado, tendo presentes as necesidades que diso se derivan.
- Manter e promover relacións institucionais tanto no ámbito autonómico coa Asociación Galega de Escola Municipais de Música (AGEMM); estatal, coa Unión de Escolas de Música e Danza (UEMyD); como a nivel europeo coa Unión Europea de Escolas de Música (EMU).

Obxectivos referidos aos recursos humanos

- Acadar a estabilidade laboral do profesorado e unhas condicións laborais que permitan manter o mesmo ou parecido plantel, co fin de poder presentar proxectos a medio e longo prazo.
- Fomentar a cooperación e a tolerancia entre os distintos sectores da Escola.
- Fomentar a creatividade do profesorado e do alumnado de xeito que cheguen a ver cumpridas as súas aspiracións educativas e artísticas.
- Posibilitar unha formación continua do profesorado permitindo a realización das aspiracións destes, mellorando a calidade das ensinanzas ofertadas.

Obxectivos referidos ao servizos

- Dispoñer dunha biblioteca e fonoteca suficientemente dotadas de material, tanto didáctico como bibliográfico de consulta.
- Aplicar novas tecnoloxías no ensino.

4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

- Ensino dirixido á práctica individual e colectiva, tanto como estudo dun instrumento como pola propia necesidade de enriquecer a formación con materias complementarias e as distintas agrupacións formadas no Centro, sendo estas un dos principais puntos da oferta das Escolas con respecto aos demais centros.
- Formación a través de deseños curriculares diferenciados e uniformes, para proporcionar educación tanto ao músico que aspira á ensinanza regrada e profesionalización como ao que desexa adquirir ou aumentar os seus coñecementos musicais como unha actividade máis; en definitiva, unha educación “á carta”.
- Oferta educativa dende os 4 anos en diante, con niveis de ensinanza diferenciados en cada unha das materias impartidas, adaptando sempre a formación aos distintos niveis de coñecemento previamente definidos.
- Avaliación continua e descontinua para fomentar o estudo nos alumnos e conseguir uns niveis mínimos.
- Cursos curtos de formación abertos a toda a poboación.
- Organización de concertos, festivais, conferencias, seminarios e demais actividades de libre entrada.
- Colaborar coas escolas infantís, centros de ensino de primaria e secundaria, etc. que así o soliciten.

Débese ter en conta que unha escola non ten a obriga dunha organización igual a outras de similares características xa que non existe un modelo ideal e único, isto depende das especialidades e distintas circunstancias de cada centro, pero si debe de ser versátil e capaz de adaptarse ás necesidades individuais do alumnado.

5. PEDAGOXÍA

Nos últimos anos produciuse unha larga controversia entre o centro de ensino como transmisor de coñecementos, priorizando as capacidades cognitivas do alumno ou ben como lugar de desenvolvemento das súas capacidades e habilidades. A LOXSE pon énfase especial na atención á diversidade de necesidades do alumnado, potenciando a educación integral do individuo.

O labor artístico pedagóxico dos centros de ensino musical e de danza (conservatorios e centros privados) ata os nosos tempos, consistiu en transmitirles aos alumnos unha capacidade de reprodución de obras que alguén estableceu como as que merecen a honra de ser escolarizadas, figurando nos programas de estudo dos centros ao longo dos tempos sen sufrir variación algunha.

A educación está influenciada e en certo modo condicionada pola evolución dos alumnos; estes non poden desenvolver certas estruturas cando cognitivamente non maduraron para elas, polo cal, os procesos de ensino-aprendizaxe estarán adaptados ao momento evolutivo no que se atopen as súas capacidades, atendendo cada alumno á forma particular e non global como nos plans de estudo convencionais onde se establecen uns mínimos xerais sen ter en conta que o desenvolvemento evolutivo nunca é o mesmo para dous rapaces, as características individuais de cada un nos ofrecen diversas combinacións dos distintos aspectos en que poderíamos descompoñer o desenvolvemento.

Así mesmo, ao falar de etapas evolutivas, ás veces pensamos que estas só se dan a nivel intelectual esquecendo que a persoa forma un “todo único” onde se integran non só capacidades intelectuais senón tamén características físicas, aspectos emocionais e sociais que están igualmente en diferentes etapas de desenvolvemento.

No proceso didáctico deben existir recursos que nos permitan determinar os coñecementos previos que ten cada alumno en relación aos novos contidos que debe adquirir, deducindo se estes son axeitados ao nivel de desenvolvemento de cada alumno e que sexan motivadores en canto á estimulación da súa aprendizaxe. Débese buscar que o alumno ou alumna sexa cada vez máis autónomo na súa aprendizaxe, fomentando a súa autoestima a autocrítica e que poida sentir que o esforzo merece a pena.

A creatividade debe ser tomada como guía da actividade pedagóxica, tendo en conta que a propia creatividade está considerada como a habilidade que posúen os seres humanos para resolver distintas cuestións ou problemas. En consecuencia, debemos aceptar este punto como primordial no modelo educativo, onde nos atoparemos con respostas fluídas, flexibles e orixinais antes os distintos estímulos creativos.

Os profesores deben presentar a clase coma un evento aberto, de participación e creatividade, buscando:

- Detectar e recoñecer as potencialidades creativas.
- Respetar as preguntas, gustos e propostas do alumno.
- Facer propostas provocativas, buscando un enfoque distinto para a xeración de novas preguntas e actividades.
- Recoñecer e valorar a orixinalidade.
- Potenciar a práctica e a experimentación.
- Diseñar experiencias planificadas e guiadas permitíndolle ao estudante unha autoaprendizaxe na que a vontade de superación e o pracer derivado do propio rendemento, constitúen os principais elementos de motivación.

5.1 A organización social da clase

- O centro como gran grupo: as características deste tipo de organización están determinadas pola organización e estrutura de xestión, así como polas actividades que realiza todo o centro de forma colectiva e que son moi importantes para o sentimento de identificación con el, tanto por parte do alumnado coma o profesorado.
- Distribución do centro en grupos fixos: esta tradición ten os seus pros e contras co que se deben analizar e aproveitar os aspectos positivos e resolver as deficiencias que presenta. Os grupos homoxéneos facilitan a tarefa da ensinanza se só limita á consecución dunha capacidades de carácter cognitivo e consideramos que a función da ensinanza é selectiva. Por outra banda, a aprendizaxe entre iguais, o contraste de diferentes formas de pensar e actuar, a posibilidade de recibir axuda de compañeiros de maior nivel, entre outras cousas, lévanos a considerar a convivencia de grupos heteroxéneos.
- Clases individuais: clases nas que se adquiran as destrezas técnicas e capacidades expresivas necesarias para a interpretación e se cultive a afección pola música. O proceso de ensino-aprendizaxe débese adaptar ás características individuais do alumnado, interrelacionando contidos teóricos e prácticos.

6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Matriculación

A formalización da matrícula da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo realizarase na oficina de Dirección do propio centro, co fin de levar un mellor control por parte da dirección do centro e sobre todo, para ofrecer unha maior información e axuda a pais, nais e alumnado.

O período de matriculación estará comprendido entre o 15 e o 30 de xuño para alumnos que cursen estudos no centro e entre o 1 e o 15 de xullo para o novo alumnado.

Por necesidades do Centro poderanse admitir novas matrículas no mes de setembro, previo aviso nos medios de comunicación dun novo prazo de matrícula.

Período lectivo

O período lectivo encóntrase comprendido entre o mes de **outubro de 2014** e o mes de **xuño de 2015**, ambos incluídos, coincidindo en todo caso co calendario escolar de ensinanza primaria.

Niveis formativos

A seguinte estrutura está formulada de tal xeito que combina a calidade da ensinanza que ofrece coa dispoñibilidade do usuario que se achega para aprender música ou danza.

A continuación preséntanse as especialidades e materias a impartir, como se organizan, obxectivos que se presentan e servizos que oferta e que forman parte da concepción global da Escola de Música e Danza.

1.- Música e movemento

2.- Área xeral

3.- Ciclo formativo complementario ou profesional

1.- Música e movemento

Dirixido a nenos de 4 a 7 anos, cun obxectivo principal que é o de proporcionar unha experiencia musical globalizada que permita descubrir as potencialidades musicais do alumno posibilitándolle, posteriormente, a expresión musical a través da elección de instrumento.

Articulación:

1º Ciclo: tres anos de duración, destinado aos alumnos de 4, 5 e 6 anos de idade. Consta dunha clase semanal de unha hora en grupos de ata 14-15 persoas.

2º Ciclo: un só ano de duración, destinado aos alumnos de 7 anos de idade. Consta dunha clase semanal de unha hora en grupos de ata 14-15 persoas. Os alumnos deste ciclo, terán a posibilidade de coñecer todas as especialidades instrumentais e de danza que a Escola ofrece, co fin de escoller a especialidade que elixa e continuar os estudos no seguinte ciclo.

Obxectivos xerais:

- Comprender e aplicar conceptos e elementos básicos moi sinxelos da linguaxe musical mediante a voz e os instrumentos.
- Traballar, coñecer e apreciar distintos tipos de música (clásica, folklórica, moderna, infantil, popular,...) abarcando diferentes culturas e épocas.
- Coñecer, utilizar e controlar a voz como instrumento de representación e comunicación musical, educando de forma correcta a voz do neno ou nena: dicción, entoación, emisión, respiración, relaxación, tesitura, apoio, etc.
- Explorar e coñecer as posibilidades sonoras e expresivas dos instrumentos musicais, tanto de percusión de altura determinada como indeterminada, e as técnicas básicas para a súa correcta utilización.
- Utilizar o corpo como medio de expresión tanto en movemento libre como organizado: danzas e coreografías sinxelas.
- Lograr flexibilidade, coordinación e precisión rítmica na percusión corporal, manipulación de instrumentos e no movemento.
- Traballar mediante o movemento os distintos elementos da música (ritmo, melodía, harmonía e forma) e as cualidades constitutivas do son.
- Recoñecer de forma visual e auditiva os distintos instrumentos da orquestra, de percusión determinada e indeterminada así coma os que poden empregar outro tipo de agrupacións musicais.

- Valorar a participación individual e colectiva nos distintos xogos ou actividades.

2.- Área xeral

Dirixida a:

- Alumnos procedentes de Música e Movemento.
- En xeral, a todo aquel alumnado maior de 8 anos con ou sen coñecementos previos.

Ademais da aprendizaxe dun ou varios instrumentos, ofrece a posibilidade de compartir experiencias artísticas nas distintas agrupacións que se forman no Centro ao longo do curso, co fin de aprender e sobre todo, de relacionarse e gozar da compañía de máis músicos da mesma ou diferente especialidade.

Posibilítalles aos alumnos/as unha preparación artística orientada cara ás probas de acceso ao grao profesional en conservatorios, dando os primeiros pasos dentro do terreo profesional, poñendo especial atención e coidado nesta parte da formación.

A ensinanza da Linguaxe Musical preséntase en función da aplicación directa ao instrumento, desenvolvendo as capacidades vocais, rítmicas e auditivas do alumnado. Esta materia é obrigatoria ata o remate dos seis cursos estipulados.

Especialidades:

Linguaxe Musical	Canto	Piano
Acordeón	Óboe	Fagot
Frauta travesa	Clarinete	Saxofón
Trompeta	Trompa	Trombón
Bombardino	Tuba	Percusión
Violín	Viola	Violoncello
Contrabaixo	Guitarra clásica	Guitarra eléctrica
Baixo eléctrico	Danza	Ballet
Gaita		

Articulación:

- Todas as especialidades, dentro da área xeral, están distribuídas en seis cursos académicos, cuns obxectivos e contidos establecidos en cada materia para cada curso.

- O curso escolar repartirase en dúas avaliacións cuatrimestrais (febreiro e xuño); así mesmo antes das vacacións de Nadal entregarase un informe de seguimento do alumno/a.
- As clases de Linguaxe Musical impartiranse en dúas sesións semanais de 45 minutos, con grupos de alumnos non superiores a 18-20.
- A materia de Linguaxe Musical será de matrícula obrigatoria para o alumnado que curse estudos instrumentais ata os 16 anos de idade. A partires desa idade, poderán elixir entre asistir a Linguaxe de adultos ou non asistir.
- As clases de instrumento serán de 45 minutos á semana por alumno. As clases serán individuais.
- Entre Linguaxe Musical e instrumento, non poderá haber máis dun curso de nivel de diferenza.
- A clase colectiva será dunha hora de duración nunha sesión semanal.
- As clases de danza e ballet terán unha duración dunha hora e serán de unha ou dúas sesións semanais, dependendo do nivel. As clases de Predanza serán de 45 minutos semanais.
- O alumnado que ingrese no centro pasado o 1º trimestre, poderá asistir só a clase de instrumento, e facer exames ou non, segundo o criterio do profesor/a e a evolución e capacidades do alumno/a.

Obxectivos xerais:

- Asimilar diferentes estruturas rítmicas para a súa execución correcta e estable co instrumento, así coma os coñecementos básicos da linguaxe musical precisos para a aprendizaxe de calquera obra escrita axeitada ao nivel do alumno.
- Identificar auditivamente diferentes alturas e intervalos.
- Comprender e empregar correctamente as indicacións de medida, ritmo, dinámica, articulación e carácter dos tecidos musicais propostos diferenciando elementos melódicos, rítmicos e harmónicos en pezas tanto individuais coma de conxunto.
- Desenvolver a creatividade e improvisación individual mantendo un equilibrio coas diferentes agrupacións.
- Entoar de xeito correcto pequenas melodías, tanto vocal como instrumentalmente.

- Discernir o son propio dos demais e ser capaz de integrarse nun conxunto, tendo en conta as diferentes funcións que en cada momento ten cada instrumento.
- Afianzar o control sobre os elementos que interveñen na calidade sonora desenvolvendo un sistema de traballo individual que resulte eficaz e que permita ao alumno abordar con autonomía o estudo das pezas tanto de conxunto como individuais.
- Asentar os aspectos técnicos fundamentais de cada instrumento.
- Adquirir coñecementos de cultura musical correspondentes ás áreas específicas, coñecer os seus estilos, comprendelos e asimilalos en base á súa formación musical.

3.- Ciclo formativo complementario ou profesional

Adicado ao alumnado que, unha vez rematada a Área xeral, desexa seguir profundizando no coñecemento teórico, instrumental e práctica de conxunto, desenvolvendo as capacidades precisas para unha mellor comprensión do feito musical.

Especialidades instrumentais:

Ademais de todas as especialidades que se ofertan na Área Xeral, inclúese:

- Piano complementario

Articulación:

- A clase de Piano complementario será de 45 minutos con carácter individual.
- O resto das especialidades e clases individuais de instrumento manterán todas as súas características.

Actividades de conxunto

Agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos, etc.)
 Orquestra de cámara
 Banda infantil
 Aula de música moderna
 Grupo de clarinetes
 Grupo de saxofóns
 Grupo de metais
 Grupo de percusión

Grupo de guitarras
Grupo de danza
Big-Band
Coro

Obxectivos comúns:

- A comprensión dos elementos básicos da interpretación a través do traballo en grupo.
- A formación auditiva que permita escoitar outros instrumentos ou voces ao mesmo tempo que se executa a parte correspondente.
- A aplicación dos coñecementos adquiridos na clase de instrumento a unha situación de conxunto.
- A comprensión da Música e da Danza como un fenómeno de comunicación e integración social.
- A valoración das normas que rexen a actividade de conxunto e da responsabilidade que se contrae nunha tarefa colectiva.
- O enriquecemento da cultura a través dun repertorio específico que só se poida executar dentro dun grupo.

A través da ampla gama de agrupacións vocais, instrumentais ou de danza, a Escola de Música e Danza deberá ofertar a todos os sectores sociais unha ensinanza que responda o mellor posible ás súas necesidades artísticas, e ao mesmo tempo dita oferta deberá recoller e cultivar as tradicións locais e espertar o interese por novas perspectivas e manifestacións artísticas. Con iso, as actividades de conxunto deberán contribuír a superar as diferenzas que existen entre as distintas concepcións artísticas por medio da convivencia de grupos diversos que poidan representar diferentes tendencias.

7. RELACIÓNS COAS INSTITUCIÓNS

A Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo é membro da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música. Por medio de dita asociación pertence á UEMyD, Unión de Escolas de Música e Danza do Estado Español e á EMU, Unión Europea de Escolas de Música. A través destas tres asociacións crearanse os cauces para a difusión da actividade da Escola no exterior.

Estableceranse relacións con todos aqueles departamentos e organismos do Excmo. Concello de Ribadeo, Excma. Deputación de Lugo, AGADIC, Banda Municipal de Música, Coral Polifónica, etc., co obxectivo de poder desenvolver proxectos multidisciplinares.

O contacto permanente que desexamos establecer cos centros educativos da nosa vila servirá como punto de encontro de alumnos e profesores, á vez que difundirá a nosa actividade neste sector.

A colaboración con institucións culturais e educativas existentes na vila, como os distintos centros de ensino público e privado, permitirá integrar o noso Centro na actividade socio-cultural de Ribadeo.

8. ANEXOS

11. Regulamento de réxime interno



Escola Municipal
de Música e Danza
de Ribadeo

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ÍNDICE

- 1. Órganos de goberno**
- 2. Dereitos e deberes dos membros da comunidade escolar**
- 3. Regulamento disciplinario**
- 4. Uso das instalacións**

1. ÓRGANOS DE GOBERNO

1.1. Órganos de goberno unipersoais

O director

Funcións:

- Ostentar a representación oficial do Centro.
- Propoñerlle ao Concello o nomeamento dun xefe de estudos para o Centro.
- Colaborar co Concello nas funcións de xefe de persoal dos traballadores adscritos á Escola Municipal de Música e Danza.
- Convocar e presidir as reunións dos órganos colexiados do Centro.
- Dirixir as actividades educativas do Centro de acordo co establecido pola normativa vixente e o Proxecto Educativo de Centro.
- Dirixir a planificación das actividades docentes e complementarias do Centro.
- Propoñerlle ao Concello os presupostos económicos acompañados dun informe emitido pola propia dirección.
- Motivar e estimular o rendemento profesional dos traballadores do Centro.
- Velar polo respecto e cumprimento no Centro dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade escolar.
- Responsabilizarse da avaliación e o control sobre o cumprimento das funcións e tarefas do persoal asignado ao Centro.

1.2. Órganos de goberno colexiados

O claustro de profesores e profesoras

É o órgano de participación de todos e todas os docentes do Centro e ten a responsabilidade de axudar a planificar, coordinar e decidir sobre os aspectos académicos do funcionamento do mesmo.

O claustro estará presidido polo Director/a e estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no Centro.

A asistencia ás sesións do claustro é obrigatoria para todos os seus membros. Calquera ausencia xustificárase debidamente.

Funcións:

- Canalizar a participación dos profesores na planificación e desenvolvemento do Proxecto Educativo de Centro.
- Servir de órgano formal de comunicación entre todos os profesores e profesoras do Centro, sen prexuízo doutras formas.
- Servir de órgano de reflexión e debate sobre a didáctica, a metodoloxía e as estratexias educativas do Centro.
- Servir de canle de comunicación de propostas e proxectos de renovación e mellora do Proxecto Educativo.
- Avaliar o desenvolvemento do proceso educativo do Centro.
- Elevar ao director ou equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curriculares do Centro e unha programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual conforme ao Proxecto Educativo de Centro.
- Promover iniciativas no ámbito da formación do profesorado do Centro.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios do alumnado.
- Analizar e valorar o rendemento escolar do Centro mediante todo tipo de parámetros, resultando imprescindible a presentación de datos fidedignos sobre o número real de alumnos en cada instrumento, agrupacións, materias complementarias, ao igual que as baixas detalladas do mesmo xeito; número exacto de horas lectivas adicadas por cada profesor ás distintas actividades a el encomendadas.

Sesións:

Reunirase en sesión ordinaria unha vez ao mes. En sesión extraordinaria cando o convoque o director ou a terceira parte dos seus membros.

2. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR

2.1. Dereitos dos profesores e profesoras

Ao cumprimento de todos os termos incluídos no contrato laboral e atribucións e dereitos outorgados no convenio colectivo do Concello de Ribadeo

2.2. Normas xerais do profesorado

- Todos os profesores e profesoras do Centro velarán pola orde nas entradas polos corredores e dependencias do Centro, controlando que as entradas e saídas se realicen de forma ordenada.
- O profesor ou profesora debe entrar na aula con puntualidade, e saír despois de que o faga o último alumno ou alumna.
- Evitarase en todo momento a demora na entrada na aula que se corresponda por motivos alleos á propia actividade docente.
- O profesor/a debe coñecer as características de cada alumno/a e convocar os pais sempre que o estime necesario para o bo funcionamento do curso.
- Solicitarase a colaboración do pais do alumnado en todo o que se refire a problemas educativos dos alumnos/as dentro do Centro.
- Manterase en todo momento, na súa propia relación interna, na relación cos pais e ao mesmo tempo cos alumnos/as, unha conduta o máis respectuosa posible sen, en ningún momento, causar dano psicolóxico ás demais persoas ou alumnos/as con frases despectivas, xestos, comentarios, etc.

2.2. Normas xerais dos alumnos e alumnas

2.2.1. Dereitos

- Que se respecte a súa conciencia cívica, moral e relixiosa de acordo coa Constitución.
- A unha orientación educativa atendendo os problemas persoais da aprendizaxe e desenvolvemento da responsabilidade.
- A ser respectados na súa dignidade, non sufrindo sancións vexatorias.
- A utilizar as instalacións, mobiliario e material do Centro (segundo a normativa do Centro de uso das instalacións e material docente).
- A obter unha avaliación xusta do seu rendemento educativo. Os resultados serán entregados aos pais mediante boletíns de cualificación.
- O Centro está obrigado a gardar reserva sobre toda aquela información de que dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno/a.
- **IMPORTANTE:** terá dereito á participación activa na vida escolar, a reunirse, asociarse e reunirse periodicamente coa Dirección do Centro e Claustro de profesores/as (previa solicitude por escrito), a fin de propoñer iniciativas, suxestións e reclamacións que estimen oportunas. As titorías representan a posibilidade de reunión cun profesor/a en particular, tanto por parte de alumnos/as como pais, quedando fixado a principio de curso o horario das mesmas.

2.2.2. Deberes

- Respetar a dignidade e función do profesorado e de cantas outras persoas traballen no Centro, así como as normas xerais de convivencia e as establecidas especificamente para este Centro.
- Realizar responsablemente as actividades escolares.
- Respetar e velar polo edificio, instalacións, mobiliario e material do Centro.
- Colaborar cos compañeiros/as na actividade formativa respectando a súa dignidade.
- Asistir a clase cos libros e material didáctico.
- Manter limpas as aulas e demais dependencias do Centro.

- Os alumnos/as absteranse de traer ao Centro obxectos perigosos, así como practicar xogos ou realizar actos, que pola súa natureza, poidan ocasionar lesións a si mesmos, a compañeiros ou calquera persoa que permanece no Centro nese intre.
- En todo momento manterán unha conduta moral e cívica, sen proferir blasfemias, palabras malsoantes ou calquera manifestación oral, escrita ou con xestos que poidan ser ofensivos para calquera membro da comunidade educativa. Así mesmo, quedan prohibidas pelexas ou loitas.
- Ademais, en cada clase, os alumnos e alumnas estarán suxeitos ás normas do profesor ou profesora correspondente.

2.3. Normas xerais dos pais e nais

2.3.1. Dereitos

- A colaborar nas actividades do Centro cando sexa necesario e/ou a petición da Dirección e profesorado do Centro.
- A estar informados en todo momento da marcha dos alumnos no Centro (a través do uso das horas de titoría).
- A recibir puntual información, a través dos boletíns trimestrais do Centro, da evolución do alumno en cada especialidade matriculada, de forma individualizada.
- A recibir información e orientación por parte do profesorado e Dirección do Centro, dos plans xerais de estudos musicais e de danza.
- A utilizar as instalacións do Centro para reunión debidamente organizada, solicitando por escrito á Dirección do Centro o uso das mesmas e axeitándose ás posibilidades de dispoñibilidade.
- A participar na vida activa escolar a través de organizacións, **en ningún caso con poder de decisión**, con vistas a formular ante a Dirección ou Claustro de profesores/as, iniciativas, suxestións e/ou reclamacións que estimen oportunas.
- A recorrer ante órganos de goberno do Centro primeiro ou, en caso de ser necesario ante o Concello de Ribadeo despois, se algún alumno/a ou pai se consideran inxustamente tratados por algún profesor ou profesora.

2.3.2. Deberes

- Axudar na convivencia do Centro, cumprindo as normas de convivencia e evitando, na medida do posible, as faltas dos alumnos a este sentido.
- Axudar ao profesor/a na motivación do alumno/a polo estudo, convidándoo ao mesmo con ánimo e deixando de lado o pasotismo polo estudo do alumno na casa.
- Axudar á boa marcha da actividade escolar, cumprindo cos horarios establecidos de titorías, e informando aos profesores ou Director de calquera circunstancia que atravesese o alumno e poida influír no correcto proceso de aprendizaxe.
- Comportamento axeitado nas entradas e saídas.
- Respecto cara aos demais pais, alumnos, profesores e director do Centro.
- Acudir á Dirección do Centro en caso de considerarse desfavorecido pola acción dalgún profesor/a ou directamente pola acción do Centro.

3. RÉXIME DISCIPLINARIO

3.1 Infraccións

As faltas poderán ser leves, graves ou moi graves.

1. Son faltas leves:

- a) As faltas inxustificadas, non reiteradas, de puntualidade.
- b) As faltas inxustificadas, non reiteradas, de asistencia a clase.
A xustificación de faltas de asistencia será realizada polos pais ou titores ante o profesor correspondente no prazo dunha semana. Os adultos acreditarán a súa propia falta mediante a presentación de xustificantes que mostren a causa da mesma. Isto non obsta para que a falta do maior de idade sexa comunicada á súa familia mentres este conviva e dependa dela.
- c) O deterioro non grave causado intencionadamente das dependencias do centro, do material do mesmo ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros do centro.
- d) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa non graves contra os membros do centro.
- e) Os actos de agresión física contra os demais membros da Escola que non teñan carácter de graves.
- f) Calquera acto inxustificado, individual ou colectivo, que altere levemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.

2. Son faltas graves:

- a) As faltas inxustificadas reiteradas de asistencia a clase.
- b) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa graves contra os membros da Escola.
- c) A agresión física grave contra os demais membros da Escola.
- d) A suplantación de personalidade en actos da vida docente ou falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- e) Causar por uso indebido danos graves nos locais, materiais ou documentos do Centro ou nas pertenzas dos demais membros da Escola.
- f) Os actos inxustificados, individuais ou colectivos, que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- g) A comisión de tres faltas leves nun mesmo mes.
- h) O incumprimento dos acordos e resolucións adoptados polo claustro de profesoras e profesores do Centro.

3. Son faltas moi graves:

- a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa moi graves contra os membros da Escola.
- b) A agresión física moi grave contra os demais membros do Centro.
- c) A incitación a actuacións moi perxudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Escola.

- d) Causar intencionadamente danos graves nos locais, material ou documentos do Centro ou nas pertenzas dos demais membros da Escola.
- e) As faltas tipificadas como graves se concorren circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.
- f) A comisión de tres faltas graves durante un mesmo curso académico.

3.2 Sancións

Por faltas enumeradas no punto anterior poderán impoñerse as seguintes sancións:

1. Por faltas leves:
 - Amoestación oral privada.
2. Por faltas graves:
 - Apercibimento, no que se incluírá un informe detallado do profesor ou profesora da materia.
 - Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, á reparación dos danos materiais causados. Estas tarefas realizaranse por un período que non excederá os tres meses.
 - Privación do dereito a asistencia ao Centro no restante do curso escolar, perdendo todos os dereitos como alumno ou alumna do Centro.
3. Por faltas moi graves:
 - Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, á reparación dos danos materiais causados. Estas tarefas realizaranse por un período que non excederá dos tres meses.
 - Inhabilitación para cursar estudos no Centro.
4. Aos efectos da graduación da sanción:
 - Considéranse circunstancias atenuantes:
 - O espontáneo recoñecemento da falta.
 - Non ser obxecto de sancións con anterioridade.
 - No caso de que existan danos ao material ou a bens mobles ou inmobles, a súa reparación fora do horario lectivo, antes de recaer a resolución do expediente.
 - A petición pública de excusas, estimadas como suficientes nos casos de inxurias, ofensas ou alteración do desenvolvemento das actividades do Centro.
 - Considéranse circunstancias agravantes:
 - Cando a subtracción, agresión, inxuria ou ofensa se realice contra quen concorra situación de menor idade, minusvalía ou recente incorporación ao Centro.

- A existencia de intencionalidade.
 - A incitación ou estímulo á falta colectiva.
- A concorrencia dunha ou máis circunstancias agravantes ou atenuantes terase en conta na resolución do expediente, aos efectos de elevar ou diminuír a graduación da sanción e, no seu caso, elevar ou diminuír a calificación da falta.

A comisión da falta fóra da Escola, non será óbice para a aplicación do presente Regulamento cando esta se efectúe durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares programadas polo Centro. Así mesmo, resultará de aplicación sempre que se constate a existencia dunha relación de causa-efecto coa actividade escolar.

3.3 Garantías procedimentais

En ningún caso se poderá impoñer unha sanción sen que se tramitara o necesario procedemento.

As condutas irregulares do alumnado que non sexan constitutivas de faltas deberán ser corrixiadas polo profesorado correspondente, mediante métodos oportunos, que en calquera caso serán viables, educativos e non privativos ou lesivos dos seus dereitos fundamentais.

En todo caso, as correccións terán menor gravidade que as sancións tipificadas no presente Regulamento.

- As faltas leves serán sancionadas polo profesorado correspondente:
 - A comisión de faltas graves ou moi graves sancionaranse polo Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro/a no que delegue.
 - Se o alumnado fose menor de idade, porase en coñecemento dos pais ou titores a falta cometida e a sanción que, no seu caso se impuxera.
- A instrución do Expediente Disciplinario por feitos que poidan constituír falta grave ou moi grave acordarase, tras a recollida da necesaria información, pola Dirección do Centro.
 - Se os feitos se estimaren constitutivos de falta leve poranse en coñecemento de quen teña competencia para sancionar este tipo de infraccións.
 - O alumnado ou pais ou titores poderán recusar o instrutor cando da súa conduta ou manifestacións se infira falta de obxectividade.
 - A instrución do expediente acordarase no menor prazo posible, en todo caso, non superior aos dez días desde que se tivo coñecemento dos feitos tipificados como faltas sancionables neste Regulamento.
 - Instruído o Expediente darase audiencia ao alumno/a e, se é menor de idade, aos seus pais ou titores, coa notificación, a lo menos, das faltas que se lle imputan e a proposta de

sanción que se eleve ao Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello ou Concelleiro/a no que delegue.

- O prazo de instrución do expediente non deberá exceder de sete días.
- Cando sexan precisas para garantir o normal desenvolvemento das actividades do Centro, e o expediente se incoara por condutas que puideran constituír faltas moi graves, o Instrutor poderá propoñer ao Director/a a adopción de medidas provisionais, entre elas a suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro ou o cambio provisional de grupo do alumno/a.
- A resolución, que en todo caso deberá ser motivada, conterá os feitos que se lle imputan ao alumno/a, os fundamentos xurídicos nos que se basea a imposición da sanción, as circunstancias agravantes e atenuantes no seu caso, o contido da sanción con expresión da data a partir da cal esta produce os seus efectos, o órgano ante o que cabe interpoñer a reclamación contra a sanción interposta e o seu prazo de interposición.
 - A resolución notificarase de modo fehaciente ao interesado/a ou aos seus representantes legais.
 - Contra dita resolución o interesado/a poderá interpoñer reclamación ante o Excmo. Concello de Ribadeo no prazo de dez días hábiles, contados a partir da data da notificación da sanción.
 - Contra a desestimación da reclamación, o interesado poderá interpoñer o Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a partir da recepción da notificación do acordo.

3.4 Prescrición e cancelación

As sancións interpostas por faltas moi graves prescribirán aos seis meses, as impostas por faltas graves aos tres meses e as impostas por faltas leves ao mes.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a sanción a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado/a, do procedemento de execución volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor/a.

3.5 Sancións ao profesorado

O Concello de Ribadeo viviará a actuación do profesorado e sancionará, se fora o caso, en función da mesma.

Se algún alumno, pai, nai ou titor legal se considerase inxustamente tratado por algún profesor/a, terá dereito a recorrer á Dirección do Centro en primeira instancia e de non ser suficiente poderá comunicar a situación ao propio Concello, órgano que deliberará sobre a situación ou asunto e adoptará as decisións que considere oportunas.

4. USO DAS INSTALACIÓNS

As presentes normas sobre a utilización das aulas e instalacións son de obrigado cumprimento para profesores, alumnos e calquera outra persoa pertencente ou non á comunidade educativa que se atope por calquera motivo dentro do Centro.

- As instalacións son un lugar destinado á ensinanza e aprendizaxe, podendo ser empregados tanto polos profesores/as (para impartir as clases e estudo), como polos propios alumnos/as (para estudo, ensaio ou reunión) cando estean libres e tras petición e posterior autorización da Dirección do Centro.
- As instalacións deben estar sempre en perfectas condicións para o seu uso, isto supón:
 1. As aulas deben estar sempre ordenadas, con atrís e cadeiras situados non no centro da aula, senón nun lugar no que non molesten.
 2. Está prohibido comer, beber e fumar nas instalacións.
 3. As mesas quedarán sempre libres, ordenadas e limpas, sen papeis, bolígrafos, gomas de borrar, etc., tirados enriba das mesmas nin no chan.
 4. As instalacións deben quedar en perfecto estado para a súa utilización posterior.
- Non cumprir estas normas supón:
 1. Chamada de atención ao profesorado, falta leve.
 2. Chamada de atención ao alumnado que a utiliza e privación do uso das mesmas.

3. Prohibición de utilización das instalacións a aquelas persoas alleas á comunidade educativa.

Será potestade da Dirección do Centro, co visto bo do Excmo. Concello de Ribadeo, permitir ensaios nas instalacións do mesmo, a aquelas persoas que non sexan alumnos/as do Centro e que o soliciten por escrito.

En caso de desperfecto, rotura ou perda de material, será o usuario o encargado da súa reparación ou reposición.

4. DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación polo Pleno do Excmo. Concello de Ribadeo, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2, segundo o establecido no artigo 70.2, ambos da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.